



Diversos momentos da celebración que reuniu onte en Friol a centos de persoas arredor do gando cabalar.



Rapa das bestas no curro de Santo Tomé, no Valadouro.

Valadouro reviviou a clásica batalla entre home e cabalo

A RAPA DAS BESTAS DE SANTO TOMÉ REUNIU A MÁIS DE 1.000 PERSONAS AO LONGO DA XORNADA

► TEXTO: I.C.
FOTOS: JOSÉ M^a ÁLVEZ

Unha das tradicións máis ancestrais de Galicia é sen dúbida a da rapa das bestas, que no caso da celebrada onte no curro de Santo Tomé, no Valadouro, recobra a súa máxima expresión, xa que aínda se revive a clásica pelexa entre home e animal. A xornada non puido ser mellor, xa que o bo tempo acompañou ao longo do día, o que permitiu que máis de 1.000 persoas se desen cita no lugar dende primeira hora da mañá.

A festa, como non podía ser doutro xeito, contou con animación musical, comida e bebida, o que animou moito o ambiente. Ás 11.00 horas xa estaban os cabalos no curro, para o seu posterior marcase e corte de crins, tras seren reducidos previamente polos experimentados participantes. A última hora da mañá foi o momento elixido para a espectacular pelexa de garañóns, nunha zona onde o cabalo é un auténtico símbolo de

identidade cultural. En total foron 60 os exemplares presentes nesta vixésima terceira edición da rapa, algúns deles auténticamente fermosos. A feira cabalar e de vacún levantou tamén moita expectación, achegándose ata o lugar profesionais do sector de toda a provincia.

CONCURSOS. Como non podía ser doutro xeito, os diferentes concursos foron un dos focos de atención da xornada. Houbo premios para os tres mellores cabalos do país, así como para os mellores exemplares cruzados. Tan só un burro participou na carreira da súa categoría, sendo a nota curiosa do día, xa que tivo que completar igualmente o percorrido.

O resto de competicións xa non tiveron os animais de protagonistas. O tiro á corda dividíuse en dúas categorías, adultos e infantil. Nas dúas modalidades houbo unha disputa máxima entre os oponentes. A tradicional subida ao xamón e o sorteo de 300 euros puxeron fin a xornada, que tivo como último acto a entrega de premios. A organización mostouse tremendamente satisfeita polo resultado.

tempraneiros puideron acceder a un recinto que, a medida que pasaban as horas se colmaba de curiosos e afeccionados.

O momento cume chegou co espectáculo de dominio de cabalos da man do Centro Ecuestre Mirantes. Ao máis puro estilo andaluz os xinetes fixeron do Mercado de Friol unha pequena réplica da sevillana Feria de Abril, ante un público que non se cansou de aplaudir a demostración.

Os máis pequenos tamén viviron o seu momento estelar co carrusel de ponis disposto dende as 11.00 horas. A quen de seguro lle quedaba pequeno era a Santi, un mozo de 13 anos que leva tres montando a cabalo e ao que lle gustaría, nun futuro, participar na carreira de andadura.

Trofeos e 2.000 euros para os vencedores

A delegada de Cultura do Concello de Friol, Isabel García Pacín, destacou que se repartiron 2.000 euros en metálico entre corenta e cinco galardóns diferenciados en cinco categorías.

Grande participación

Así mesmo, a delegada recalcou a «grande participación» desta V Feira do Cabalo na que aumentaron os competidores da zona de Friol. Tamén o público foi máis numeroso, e segundo García Pacín «case non había sitio para comer».



VETERINARIOS
CLÍNICOS
EQUINOS

SERVETEQ
Servicios Veterinarios Equinos

www.serveteq.es
serveteq@serveteq.es

0 Abeledo · Laxes · Camposo · 27163 · O Corgo · Lugo
606 948 488 · 606 080 754